

# O sector hortícola galego fronte ao cambio climático (II)



## As prácticas agrícolas como medidas de mitigación.

Os sistemas sostibles de uso e manexo do solo poden ter unha importante contribución á protección do clima, con determinadas técnicas de cultivo pódense limitar as emisións de gases de efecto invernadoiro ou mellorar a fixación de carbono no solo.

O correcto manexo de fertilizantes é unha das principais medidas a ter en conta. Un uso máis eficiente na aplicación dos fertilizantes nitróxenos, por exemplo, pode reducir significativamente as emisións de óxido nítrico á atmosfera.

A adopción de cultivos con menor necesidade de fertilizantes e pesticidas é outra forma de reducir as emisións. Un exemplo importante é o uso de rotacións de cultivo con leguminosas, que non precisan da adición de fertilizantes nitróxenos xa que son capaces de fixar o nitróxeno atmosférico e transformalo en formas máis asimilables para a planta.

Técnicas de cultivo como a agricultura de conservación, onde diminúen as tarefas de labranza, realizando a rotación de cultivos e a conservación dos restos dos cultivos sobre o

Máis información na Ecoguía “O sector hortícola galego fronte ao Cambio Climático” dispoñible na sección “Documentos” da web do proxecto.

## Actualidade da Campaña LIFE+ “CAMBIAR O CAMBIO”

O pasado 4 de decembro tivo lugar en Cambados a primeira xornada “O viticultor galego fronte ao Cambio Climático”.

Xornada específica Cambados. Visita a horto solar



Xornada Cambados “O viticultor galego fronte ao Cambio Climático”

solo, favorecen o enriquecemento en materia orgánica dos terreos de cultivo, ademais de favorecer o secuestro de carbono. Os solos agrícolas poden actuar como sumidoiros de carbono, capturando o CO<sub>2</sub> da atmosfera e incorporándoo á biomasa vexetal. Na actualidade, os solos europeos acumulan 70 millóns de toneladas de carbono, o que equivale a 30 anos de emisións de toda Europa, polo que se fai necesario tomar as medidas oportunas para conservalos.

Esta xornada contou coa presenza do catedrático de Edafoloxía da USC Francisco Díaz-Fierros que explicou aos asistentes as evidencias que o cambio climático está a deixar no sector vitícola en Galicia. Pola tarde, os 76 asistentes á xornada realizaron unha visita técnica a un horto solar da zona.

En decembro, 29 mozos e mozas do CPI San Vicente da Baña participaron na campaña de sensibilización no ámbito escolar “O agricultor galego fronte ao Cambio Climático”.

Para máis información pódese consultar a web [www.unionsagrarias.org/life+cambiarocambio](http://www.unionsagrarias.org/life+cambiarocambio)

*“Coa contribución do instrumento financeiro LIFE da Comunidade Europea”.*

*Este material non expresa necesariamente a visión da Comisión.*